

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria o 13 de maio de 2013, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre o “Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias na Comunidade Autónoma de Galicia”, remitido polo Instituto Galego da Vivenda e do Solo:

“ANTECEDENTES

O Instituto Galego de Vivenda e Solo remitiu, o 5.03.2013, o “Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias na Comunidade Autónoma de Galicia” para a emisión do preceptivo informe, coa seguinte documentación:

Volume 1

DOC I.- Descrición do organismo promotor do plan sectorial

DOC II.- Memoria xustificativa do interese público ou utilidade social

DOC III.- Memoria informativa e descritiva

DOC IV.- Resultados da enquisa a empresas e determinación da demanda

DOC V.- Análise de capacidade de acollida e estudo da incidencia territorial

DOC VI.- Proposta de estratexia de desenvolvemento do PSOAEG

DOC VII.- Descrición das características xerais dos solos destinados a solo empresarial

DOC VIII.- Directrices para o desenvolvemento do PSOAEG e dos proxectos sectoriais que o desenvolvan e Normativa do PSOAEG

DOC IX.- Análise e medidas para o seu artellamento co plan urbanístico e cos instrumentos de ordenación do territorio vixentes

DOC X.- Estudo de viabilidade económica

DOC XI.- Informe de sustentabilidade ambiental

DOC XIII.- Informe de participación pública e consultas

DOC XIV.- Relación co patrimonio cultural

DOC XV.- Memoria Ambiental

Volume 2

DOC III.- Memoria informativa e descritiva (1)

Volume 3

DOC III.- Memoria informativa e descritiva (2)

Volume 4

DOC III.- Anexo 01: Fichas resumo da base de datos

Volume 5

DOC XII.- Cartografía e planos

1. Información

1. Planos de información territorial

2. Planos de planeamento urbanístico vixente

2. Análise e modelo

1. Planos de clasificación e cualificación dos terreos

2. Matrices de análise de viabilidade de actuacións previstas

CONSIDERACIÓNS

1. Sométese a informe o citado plan ao abeiro do disposto nos artigos 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e 6.1 c do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, que establecen entre as súas funcións a emisión de informes con carácter preceptivo sobre os plans sectoriais de interese xeral.

Por acordo do Consello da Xunta do 7 de decembro de 2011 declárase a incidencia supramunicipal do Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias na Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos previstos polo Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

2. O Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, partindo das actuacións de solo empresarial contidas no Plan de Solo Empresarial 2009-2015 e de acordo cos déficit de solo empresarial resultantes do estudo de mercado e coas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), propón os seguintes obxectivos:

a) Cubrir os déficit de solo empresarial reducindo, á súa vez, os desequilibros de solo intercomarcais.

O Plan sectorial establece os criterios para a cobertura dos déficit de solo empresarial a nivel comarcal resultantes do balance do estudo de mercado de solo empresarial. Os criterios citados perseguen, ao mesmo tempo, a aproximación ao equilibrio de solo empresarial entre comarcas colindantes como se xustifica no DOC. VI.

b) Compatibilizar o desenvolvemento de solo empresarial de Galicia coa defensa do medio ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural.

Mediante a determinación da “capacidade de acollida do territorio” para actividades industriais e terciarias o Plan Sectorial procedeu á “avaliación da viabilidade” de cada unha das actuacións comprendidas no presente Plan Sectorial. A avaliación estendeuse ás

actuacións en tramitación e en estudo comprendidas no PS 2009-2015, así como ás novas actuacións propostas no presente plan.

c) Determinar a programación do solo empresarial, priorizando as actuacións que cubran déficit e se localizan nas comarcas nas que se prevé demanda de solo.

O Plan sectorial inclúe na programación (ano horizonte 2024), as actuacións en tramitación e en estudo comprendidas no Plan 2009-2005, que cobren déficit de solo e se localizan nas comarcas nas que se prevé demanda de solo: Tamén se programan as novas actuacións establecidas no presente plan en comarcas deficitarias con demanda de solo prevista.

d) Respetar as actuacións comprometidas recollidas no plan de solo empresarial 2009-2015.

O Plan Sectorial respecta con carácter xeral, ademais das actuacións que actualmente se atopan en funcionamento e en execución, as actuacións en tramitación e en estudo do IGVS, XESTURES e SEA comprendidas no Plan Sectorial de 2009-2015.

Con estes obxectivos o Plan Sectorial elaborouse dende as seguintes perspectivas:

- Socioeconómica. A compoñente socioeconómica baseouse no estudo do mercado de solo empresarial, mediante a análise da estrutura oferta-demanda, coa finalidade de avaliar a superficie e características de solo demandado e definir o emprazamento do solo correspondente.

- Ordenación territorial. A ordenación territorial do solo empresarial baseouse no estudo das necesidades e posibles reservas en coherencia co modelo territorial proposto nas DOT para o desenvolvemento do solo empresarial de Galicia. Mediante este estudo realizouse unha estimación xeral da superficie e das características do solo necesario, así como dos criterios e alternativas de localización das futuras áreas empresariais.

- Localización territorial. Os criterios para a localización dos emprazamentos das áreas empresariais son diferentes, para as actuacións empresariais en tramitación ou en estudo, para as que se define o emprazamento e a delimitación do ámbito e para as potenciais

actuacións derivadas das esixencias do modelo de demanda e do cumprimento das DOT, cuxo emprazamento pode estar suxeito á análise de varias alternativas en función da viabilidade que resulte de analizar de xeito detallado o territorio de Galicia.

Para as áreas empresariais en tramitación e estudo, así como para as novas áreas empresariais propostas que resultan necesarias para cubrir as demandas de solo empresarial ao ano horizonte do Plan, localízanse e delimítanse os seus ámbitos realizándose, ademais, a avaliación do grao de viabilidade de cada actuación en función dos seus efectos sobre o medio físico e o medio ambiente, e das posibilidades de conexión coas infraestruturas de transportes e de servizos.

Para a localización das áreas empresariais que xurdan, como consecuencia da aplicación das DOT e non se atopen incluídas na programación do Plan, realízase un estudo sobre a capacidade de acollida do territorio para actividades empresariais e, á súa vez, defínense os criterios de localización das áreas empresariais, en función da tipoloxía do solo empresarial (parque empresarial, parque tecnolóxico, plataforma loxística.....) e do ámbito territorial (área funcional, comarca, concello).

3. O horizonte temporal previsto abrangue os próximos doce anos.

4. Así mesmo establécese que o Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais deberá garantir a compatibilidade do desenvolvemento e ordenación das áreas empresariais coa protección dos ámbitos de interese do patrimonio natural.

O patrimonio natural comprende todos os elementos relacionados baixo á epígrafe de “Áreas estratéxicas de conservación” das Directrices de Ordenación do Territorio e están integrados por:

- Os espazos naturais protexidos.
- Áreas complementarias dos espazos naturais protexidos

En relación aos espazos naturais protexidos, hai que destacar:

a) Alcance da protección

Para o contorno dos espazos citados definiuse unha “zona de amortecemento”, para facilitar, se é o caso, a integración das actuacións empresariais no contorno protexido. As dimensións das zonas de amortecemento establécense na “avaliación da viabilidade das actuacións empresariais propostas no presente Plan ”.

b) Análise e avaliación de afeccións aos espazos naturais protexidos

No apartado “Avaliación da viabilidade das actuacións empresariais propostas no presente Plan ”, reflíctense para cada área empresarial proposta os elementos de Patrimonio Natural existentes no contorno de cada unha das zonas de actuación. Ao redor dos ditos elementos tamén estableceuse unha “zona de amortecemento” para facilitar, se é o caso, a integración da área empresarial no seu contorno inmediato.

5. En relación ca afectación ao Patrimonio Cultural, para o Plan Sectorial, realizouse unha Valoración de Afeccións ao Patrimonio Cultural das novas áreas empresariais comprendidas no Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se recollen os elementos do Patrimonio Cultural (arquitectónico e etnográfico, arqueolóxico e Camiños de Santiago), localizados no contorno inmediato das novas áreas empresariais

No apartado relativo á “Avaliación da viabilidade das novas áreas empresariais”, reflíctense para cada área empresarial proposta os elementos de patrimonio cultural existentes no contorno de cada unha das zonas de actuación. Ademais, para a avaliación da viabilidade das novas áreas empresariais en relación co patrimonio cultural, realizouse a análise tanto dende a perspectiva da “exclusión completa” do elemento de patrimonio do ámbito da área empresarial, para a súa mellor protección, como desde a perspectiva da súa integración dentro da ordenación daquela, como elementos significativos, configuración de borde, etc. se dita inclusión é compatible cos usos previstos e co grao de protección do elemento.

6. No que respecta a incidencia deste plan no eido do turismo, este órgano aprecia que a ordenación e planificación en materia de parques empresariais é positiva desde o punto de vista turístico, posto que evita a dispersión de actividades industriais que provocan un forte impacto sobre o territorio.

7. O presente informe non pretende avaliar aspectos que lle corresponden a outros departamentos, non obstante existen recursos turísticos de enorme interese coma a paisaxe, o patrimonio ou a costa, polo que se fai especial fincapé na incidencia sobre estes, tendo en conta o disposto máis arriba sobre a afectación do patrimonio natural e cultural, que de xeito significativo teñen incidencia no turismo.

8. Polo Consello do Turismo de Galicia realízanse as seguintes observacións:

- Na execución dos parques empresariais deberá terse en conta a integración paisaxística, preferentemente mediante unha zona arborizada de amortecemento tanto no perímetro do parque como entre as distintas parcelas.

- A execución dos parques planificados deberá realizarse cando exista demanda suficiente de solo no rexistro de demandantes, e sempre que non existan parques empresariais con parcelas baleiras no mesmo concello.

- Deberá dársele traslado a este Consello do Turismo de Galicia, aos efectos da emisión de informe, do desenvolvemento dos parques que: estean no ámbito de protección do camiño de Santiago ou que se sitúen a menos de 50 metros dalgún dos camiños en algún punto, os que estean situados no ámbito do Plan de Ordenación de Litoral (POL) e os situados en municipios declarados de interese turístico. Os municipios declarados municipios turísticos galegos son os que se detallan a continuación, sen prexuízo de todos aqueles que se declaren nun futuro:

A Guarda	Nigrán	A Pobra do Caramiñal	Nogueira de Ramuín
Allariz	O Carballiño	Baiona	O Grove
Betanzos	Padrón	Cambados	Pobra de Trives

Cangas	Poio	Cedeira	Pontedeume
Celanova	Quiroga	Chantada	Rianxo
Corcubión	Ribadavia	Fisterra	Ribadeo
Foz	Ribeira	Laxe	Samos
Leiro	Santiago de Compostela	Lugo	Sanxenxo
Miño	Sarria	Mondariz Balneario	Tui
Mondoñedo	A Veiga	Monforte	Vilagarcía de Arousa
Monterrei	Viveiro		

Non obstante, non se informarán aqueles parques que no momento de aprobación do Plan xa fosen recollidos no planeamento urbanístico aprobado por cada concello e que o citado planeamento estea adaptado á normativa vixente en materia de solo.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia,

INFORMA

Favorablemente o “Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias na Comunidade Autónoma de Galicia”, sometido ás observacións realizadas”.